

# VALORAMOS A DIVERSIDADE

## Contidos que podeš traballar con esta actividade:

- **Área Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal.** Bloques 1 e 2.
- **Área Linguaxes: comunicación e representación.** Bloque 1.
- **Área Coñecemento da contorna.** Bloque 3.

## Necešitaremos:

- Adhesivos de catro cores diferentes (amarela, vermella, verde, laranxa)
- Nunha caixiña teremos tamén catro froitas debuxadas: un plátano, un amorodo, unha pera e unha laranxa, que se corresponderán coas cores anteriores.

## Dešenvolvemento:

- Colocar aos/ás nenos/as en círculo e pegar un adhesivo a cada neno/a na man que lles vai a identificar. Comprobar que saben que cor teñen.
- Explicar que cada un/unha ten unha cor e que cando digamos en alto "gústame o (nome da cor)", os que teñen esa cor deben levantarse e colocarse no centro do círculo, onde estará a caixa das froitas.
- Seguidamente, sacaremos da caixa unha das froitas e comprobaremos se se podería colorear (só se poderá colorear se coincide coa cor dos nenos/as que están no centro).
- Explicar que, cando digamos "Gústame o Arco Iris" todas as cores teñen que levantarse e colocarse no centro. Cando estean todos/as no centro sacaremos as froitas unha a unha e comprobaremos que, ao ter todas as cores dispoñibles, podemos colorealas todas.
- Faremos varias roldas cunha soa cor e unha última na que diremos "Gústame o Arco Iris".

### Reflexionar en gran grupo:

- Cantos máis cores teñamos mellor, porque imos poder colorear máis cousas e máis rapidamente.
- Pasa o mesmo cando facemos un traballo en equipo, canto máis diferentes sexamos, mellor vai saír porque cada un/unha achegará cousas distintas. Lembrar o traballado despois de ler o conto “Gústame” con exemplos como o seguinte:

Se temos que alcanzar algo que está moi alto, encargaranse os/as máis altos/as da clase, pero se hai que entrar por un oco moi pequeniño para coller algo terán que facelo os máis baixiños da clase.

## LEMOŠ E CANTAMOS

### Contidos que podeš traballar con esta actividade:

- Área **Coñecemento da contorna**: Bloque 3.
- Área **Linguaxes: comunicación e representación**: Bloques 1, 2, 3 e 4.
- Área **Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal**. Bloques 1 e 2.

### Necesitaremos:

- Conto "Gústame".
- Póster coas ilustracións do conto "Gústame".
- Son da canción "Gústasme tanto" e letra (Anexo).

### Consideracións para o/a educador/a:

- Con esta actividade pretendemos traballar cos máis pequenos/as o **valor da Igualdade** desde o enfoque da **diversidade**: fomentar o respecto e a diversidade como fonte de enriquecemento humano.
- É importante realizar previamente a actividade "**Valoramos a diversidade**".

### Desenvolvemento:

- Colgar nun lugar visible da aula os pósteres coas ilustracións do conto "Gústame" e ler o conto apoiándonos nelas.
- Ao finalizar a lectura, comentar e explicar as frases de maneira que todos/as os/as nenos/as entendan a que situacións están a referirse.
- Unha vez que todos/as comprenderon o texto, pedir que se identifiquen os/ás compañeiros/as que se ven reflectidos nel ou que compartan co resto, a súa experiencia con persoas da súa contorna, que poidan reflectir tamén algún destes exemplos.
- Para completar a reflexión lembrar o traballado coa actividade "Valoramos a diversidade".

- Poner a **canción “Gústame tanto”** e explicar que debemos prestar moita atención á súa mensaxe. Mentres a escoitamos, tamén podemos utilizar o póster coas ilustracións do conto como apoio.
- Dividir á clase en grupos e distribuír nos mesmos as estrofas da canción para que as aprendan. Podemos pensar unha pequena coreografía que represente o que di o texto, isto pódelles axudar a memorizalo.
- Cantar a canción todos/as xunto/as insistindo na idea de que é un traballo en equipo, xa que cada grupo encárgase de cantar unha estrofa e necesitamos a participación de todos os grupos para cantar a canción completa.
- Utilizar a canción como reforzo ao longo do curso se ten lugar unha situación de discriminación na que sexa adecuado lembrar esta mensaxe.

## LETRA CANCIÓN - GÚSTASME TANTO

Gústasme tanto,  
gústasme tanto,  
paréceme a túa pel  
de chocolate,  
de chocolate,  
eu gústoche tamén.

Gústasme tanto,  
gústasme tanto,  
falas en francés,  
e contas contos,  
e contas contos,  
en chinés e xaponés.

### REFRÁN

**Gústasme porque sen mirarme  
podes saber quen son,  
e sei que non tes que escoitarme  
para oír a miña voz.**

Gústasme tanto,  
gústasme tanto,  
vas co teu disfrace  
como un pirata,  
como un pirata,  
comigo a navegar.

### REFRÁN

Gústasme tanto  
porque es alto  
e alcanzas o meu xersei.  
Eu mentres tanto,  
desde aquí abaixo,  
ao chan chego ben.

Gústasme tanto,  
gústasme tanto,  
estrelas levas hoxe  
entre os teus dentes,  
entre os teus dentes  
e un bico que che dou.



## EU SON

### Contido; que pode; traballar con esta actividade:

- Área coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal. Bloque 1.
- Área coñecemento da contorna. Bloque 3.

### Nece;itaremos;

- Unha foto de cada neno/a.
- Papeis de cores, cartolinas A4 de cores e cartolinas grandes (1/2 por cada neno/a).

### Cons;ideración; para o/a educador/a:

- Con esta actividade pretendemos que os/as nenos/as valórense, que desenvolvan a habilidade de xerar emocións positivas e que sexan conscientes das súas necesidades, habilidades, capacidades e limitacións.

### Des;envolvemento:

#### 1ª fase: eu son

- Pedir aos/ás nenos/ as que traian unha foto súa que lles guste.
- Sentalos en semicírculo, coas fotos colocadas de xeito que as poidan ver todos/as. Pídeselles que vaian comentando as características de cada un/unha. Entre todos/as describen os trazos físicos, as calidades, os seus gustos, etc.

#### 2ª fase: construción de porta-foto;

- Sentar aos/ as nenos/ as nas mesas. Cada un/para fará un marco para a súa foto.
- Deben pegar papeis de cores, ou recortar con figuras xeométricas básicas os bordos das cartolinas A4 para adornalas. Despois, engádese a foto e todo o conxunto pégase no centro de medio prego de cartolina grande.
- Colocar todas as cartolinas nun lugar visible da clase, formando un mosaico mural.
- Reflexionar cos/coas nenos/as a partir de preguntas como:
- Vistes que todos/as somos diferentes.
- Que pasaría se fósemos todos/as iguais?
- Pensastes que non existe outra persoa igual que vós en todo o mundo? Isto fainos especiais.

### 3ª fase: os que me queren

- Pedir aos/ás nenos/as que traian fotos da súa familia e amigos/as. Cada un/unha collerá o seu porta-fotos da fase 2 e pegarán estas fotos ao redor da súa.
- Sentar aos/ás nenos/as en círculo, cada un/unha irá saíndo ao centro e ensinará aos/ás demais quen é todas esas persoas que lle queren e dirá que actividades realizan xuntos/as, de que xeito pásallo ben con elas, etc.
- Como vedes, nas vosas familias sodes tamén todos/as diferentes, en que?, querédesvos moito, aínda que sexades diferentes? Cando facedes algo xunto/as credes que é máis divertido cantas máis persoas diferentes sexades?
- Ao finalizar a actividade volverán colgar os porta-fotos. Cando un/unha neno/a senta unha emoción negativa (celos, envexa, ira, tristeza, etc.) ao longo do ano, podemos ensinarlle a súa propia foto para que vexa cantas persoas querenlle tal e como é, aínda que ás veces el/ela non teña sentimentos positivos.